



Nota informativa sobre el certificado para acreditar la situación de vulnerabilidad en el proceso de regularización de personas migrantes que ya residen en España

17/04/2026

No es necesario que todas las personas que accedan al proceso de regularización extraordinaria presenten este certificado. Solo es necesaria su presentación en el supuesto de encontrarse en situación de vulnerabilidad, recogido en la disposición adicional vigesimoprimeras del Real Decreto, relativa a la autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionales por razón de arraigo extraordinario. A los efectos del proceso de regularización, se considera que se encuentran en situación de vulnerabilidad las personas extranjeras que, atendiendo a su condición administrativa irregular y a las circunstancias personales, económicas, sociales, psicosociales, familiares o habitacionales derivadas de la misma, ven afectadas sus condiciones de vida o el acceso efectivo a sus derechos.

Quien NO debe presentar el certificado de vulnerabilidad:

1. Aquellas personas que son o fueron solicitantes de protección internacional en algún momento. Estas personas podrán solicitar la Autorización de residencia por circunstancias excepcionales por razón de arraigo para personas solicitantes de protección internacional (EX31).
2. Aquellas personas que trabajaron por cuenta ajena (con contrato laboral) o propia, en España, o acrediten la intención de trabajar por cuenta ajena (mediante oferta de trabajo), o por cuenta propia, mediante una declaración responsable. Esta declaración responsable se encuentra incluida en el impreso de solicitud de la Autorización de residencia por circunstancias excepcionales por razón de arraigo (EX32). Tanto el formulario de solicitud de autorización de residencia por razón de arraigo para personas solicitantes de protección internacional (EX31), como el de solicitud autorización de residencia por razón de arraigo (EX32) están disponibles también en el portal web específico para la regularización.
3. Las personas que puedan acreditar que permanecen en España junto con su unidad familiar tampoco necesitarán presentar el certificado de vulnerabilidad. Esta unidad familiar tiene que estar compuesta por hijas o hijos menores de edad (o mayores con discapacidad), o ascendientes de primer grado con los que convivan.

Como acreditar la situación de vulnerabilidad La persona solicitante del proceso de regularización puede descargar el modelo de certificado de vulnerabilidad en el apartado "Documentos de Interés" del portal web dedicado específicamente a la regularización. Para acreditar su situación de vulnerabilidad deberá cubrir el modelo y presentarlo ante alguna de las entidades competentes para su acreditación.



SERVIZOS SOCIAIS



Son entidades competentes en materia de asistencia social, los servicios sociales públicos, además de las entidades sociales y sindicatos registrados en el Registro Electrónico de Colaboradores de Extranjería regulado por el Orden ISM/164/2026. El listado de estas entidades colaboradoras puede consultarse en el portal web de regularización.

Para incluir este certificado de vulnerabilidad entre la documentación presentada al procedimiento, será imprescindible que esté sellado por una de las entidades competentes en materia de asistencia social. Si el certificado no está sellado, no será válido para el proceso de regularización.

También será válida la presentación de otros modelos de certificado de vulnerabilidad expedidos por los servicios sociales públicos siempre que acrediten la situación de vulnerabilidad de la persona solicitante. La descarga del modelo de solicitud del certificado de vulnerabilidad, así como su sellado y expedición son gratuitas. Ninguna persona o entidad puede cobrar por este servicio.

Plazo: hasta el 30 de junio de 2026.

**Para información y trámite SERVICIOS SOCIALES
AYUNTAMIENTO DE COIRÓS. Centro Social –
Coirós de Arriba, 55^a. 15316 Coirós. Tfno. 981796088**



Nota informativa sobre o certificado para acreditar a situación de vulnerabilidade no proceso de regularización de persoas migrantes que xa residen en España

17/04/2026

Non é necesario que todas as persoas que accedan ao proceso de regularización extraordinaria presenten este certificado.

Só é necesaria a súa presentación no suposto de atoparse en situación de vulnerabilidade, recollido na disposición adicional vigesimoprimeira do Real Decreto, relativa á **autorización de residencia temporal por circunstancias excepcionais por razón de arraigamento extraordinario**.

Para os efectos do proceso de regularización, **considérase que se atopan en situación de vulnerabilidade as persoas estranxeiras que, atendendo á súa condición administrativa irregular e ás circunstancias persoais, económicas, sociais, psicosociais, familiares ou habitacionais derivadas da mesma, ven afectadas as súas condicións de vida ou o acceso efectivo aos seus dereitos**.

Quen NON debe presentar o certificado de vulnerabilidade:

1. Aquelas persoas que son ou foron solicitantes de protección internacional nalgún momento. Estas persoas poderán solicitar a Autorización de residencia por circunstancias excepcionais por razón de arraigamento para persoas solicitantes de protección internacional (EX31).
2. Aquelas persoas que traballaron por conta allea (con contrato laboral) ou propia, en España, ou acrediten a intención de traballar por conta allea (mediante oferta de traballo), ou por conta propia, mediante unha declaración responsable. Esta declaración responsable atópase incluída no impreso de solicitude da Autorización de residencia por circunstancias excepcionais por razón de arraigamento (EX32). Tanto o formulario de solicitude de autorización de residencia por razón de arraigamento para persoas solicitantes de protección internacional (EX31), como o de solicitude autorización de residencia por razón de arraigamento (EX32) están dispoñibles tamén no portal web específico para a regularización.
3. As persoas que poidan acreditar que permanecen en España xunto coa súa unidade familiar tampouco necesitarán presentar o certificado de vulnerabilidade. Esta unidade familiar ten que estar composta por fillas ou fillos menores de idade (ou maiores con discapacidade), ou ascendentes de primeiro grao cos que convivan.



Como acreditar a situación de vulnerabilidade

A persoa solicitante do proceso de regularización pode descargar o modelo de certificado de vulnerabilidade no apartado "[Documentos de Interese](#)" do [portal web dedicado especificamente á regularización](#). Para acreditar a súa situación de vulnerabilidade deberá cubrir o modelo e presentalo ante algunha das entidades competentes para a súa acreditación.

Son **entidades competentes** en materia de asistencia social, os **servizos sociais públicos**, ademais das **entidades sociais e sindicatos rexistrados no Rexistro Electrónico de Colaboradores de Estranxeiría** regulado pola Orde ISM/164/2026. A listaxe destas entidades colaboradoras pode consultarse no portal web de regularización.

Para incluír este certificado de vulnerabilidade entre a documentación presentada ao procedemento, será imprescindible que estea **selado** por unha das **entidades competentes en materia de asistencia social**. **Se o certificado non está selado, non será válido para o proceso de regularización**.

Tamén será válida a presentación doutros modelos de certificado de vulnerabilidade expedidos polos servizos sociais públicos sempre que acrediten a situación de vulnerabilidade da persoa solicitante. A descarga do modelo de solicitude do certificado de vulnerabilidade, así como a súa **selaxe e expedición son gratúitas**. Ningunha persoa ou entidade pode cobrar por este servizo.

Prazo: ata o 30 de xuño de 2026.

Para información e trámite **SERVIZOS SOCIAIS CONCELLO DE COIRÓS**. Centro Social – Coirós de Arriba, 55^a. 15316 Coirós. Tfno. 981796088